



Concello de Cospeito

Expediente núm.: 769/2025

Procedemento: Disposicións normativas

Asunto: Consulta pública previa á redacción da Ordenanza municipal xeral de subvencións

ANUNCIO

ANUNCIO DA CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á REDACCIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE COSPEITO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Actualmente o Concello de Cospeito carece dunha ordenanza xeral de subvencións así como de ordenanzas específicas das distintas modalidades de subvencións, as cales son necesarias por lei.

Coa futura ordenanza preténdese solucionar o problema que vén xerando a falta de cumprimento do mandato legal recollido na Lei xeral de subvencións que no seu art. 3.1 b) inclúe ás entidades que integran a Administración Local no ámbito de aplicación subxectiva, impondo o art. 9 a obrigação de aprobar con carácter previo ao outorgamento das subvencións, as bases reguladoras de concesión nos termos previstos na Lei. Conforme ao art. 17.2 da lei, as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

É necesario a aprobación da devandita norma dada a vontade de aprobar os orzamentos do Concello de Cospeito do ano 2026 antes da finalización do exercicio orzamentario, nos que se pretende consignar as correspondentes partidas orzamentarias nas súas distintas modalidades de subvencións.

c) Obxectivos da norma:

Por medio da futura Ordenanza estableceranse as bases reguladoras da concesión de subvencións polo Concello de Cospeito dando cumprimento aos seguintes principios:

- Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

O actual goberno do Concello de Cospeito entende que a única solución posible para que a concesión de subvencións se outorgue cumprindo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, é a aprobación dunha ordenanza xeral de subvencións, pois así o esixe a lei.

Con obxecto de dar cumprimento ao artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e dado que o actual goberno atópase en proceso de elaboración da ordenanza xeral de subvencións do Concello de Cospeito, con obxecto de facilitar a participación cidadá nos proxectos de ordenanzas, procédese á apertura dun prazo de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte da publicación da presente, a fin de solicitar a opinión dos suxeitos e de organizacións máis representativas potencialmente afectados polas futuras normas.

Data fin: 15 días hábiles a contar desde o día seguinte á súa publicación.

Lugar de publicación: Sede electrónica, páxina web e taboleiro de anuncios do Concello de Cospeito.

Lugar onde remitir as suxestións: En formato papel, no Rexistro xeral do Concello de Cospeito, ou de maneira telemática na Sede electrónica do Concello de Cospeito.

O ALCALDE

ARMANDO CASTOSA ALVARIÑO

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

